



MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, concelleira do Grupo Municipal de MAREA PONTEVEDRA, presenta ante o Pleno do Concello de Pontevedra a seguinte PROPOSICIÓN, relativa á **ADOPCIÓN DE MEDIDAS DIRIXIDAS Á RECUPERACIÓN DO PODER ADQUISITIVO PERDIDO, MELLORA DA ORGANIZACIÓN MUNICIPAL E PROMOCIÓN DA CARREIRA PROFESIONAL DOS EMPREGADOS/AS MUNICIPAIS PARA UNHA MÁIS EFICAZ PRESTACIÓN DOS SERVIZOS PÚBLICOS.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O persoal público municipal é o encargado de desempeñar en nome do Concello de Pontevedra os servizos que este presta á cidadanía no seu ámbito de competencias. O seu servizo á sociedade é insubstituíble. Son garante da igualdade de oportunidades ao achegar os servizos municipais a todos os ámbitos da nosa vida, en particular alí onde a empresa privada non actúa por razóns de rendibilidade económica.

No seu conxunto, os empregados e empregadas públicos son un dos alicerces que sosteñen en pé a debilitada estrutura do estado de dereito. Eles e elas garanten a independencia diante da execución das diversas políticas e aseguran a permanencia das prestacións á cidadanía así como a súa calidade.

Segundo estimacións das centrais sindicais, a perda do poder adquisitivo dos traballadores/as públicos dende 2010, aproxímase ao 14,5 %. Primeiro foi o último goberno do PSOE de José Luis Rodríguez Zapatero que en 2010 aprobou unha baixada do 5 % e tamén conxelou os salarios, para logo convertelo en lastre permanente o goberno do Partido Popular de Mariano Rajoy, que ademais suprimiu a paga extra de 2012.

Por outra banda, o acordo asinado este pasado mes de marzo, entre o Goberno do Estado e os sindicatos de maior representación estatal, ao noso entender, é aínda un paso moi cativo para a recuperación do feixe de dereitos e do poder adquisitivo perdidos no período 2010-2018.

Gustaríanos neste punto subliñar o papel que os salarios públicos e a súa recuperación lle achegan ao sector privado da economía, sobre o que actúan cun carácter regulador e de arrastre na recuperación do poder adquisitivo dos traballadores das empresas privadas.

Nun plano propio do Concello de Pontevedra e, logo dunha revisión dos 18 anos do goberno de Miguel Anxo Fernández Lores, non podemos menos que manifestar a nosa decepción co balance. Escaseza de avances en materia laboral e pouca capacidade para acadar acordos e consensos cos traballadores/as, foron ata hoxe sinais de identidade deste Goberno municipal. Abonde como exemplo os vinte anos que distan dende a última Relación de Postos de Trballo aprobada e a que na actualidade se está a elaborar.

Para Marea Pontevedra son tempos de cambio, tempos en que a privatización masiva de servizos, hoxe cuestionada abertamente por amplos sectores da sociedade, debe dar paso á recuperación da xestión pública dos principais servizos municipais (auga, axuda no fogar, lixo, guindastre...). Para esta concepción da Administración renovada e eficiente non serve a actual proposta do Goberno municipal. Un estudo-proposta da RPT dirixido á consolidación dunha administración mirrada e anémica, logo de lle chuchar preto de 20 millóns de euros anuais con destino ao pagamento de servizos privatizados.

Por último, dende Marea Pontevedra, entendemos que os tempos son chegados, para a implantación dun sistema de desenvolvemento da carreira profesional do persoal do Concello, mediante un conxunto ordenado de oportunidades de ascenso e expectativas de progreso profesional conforme aos principios de igualdade, mérito e capacidade.

PROPOSICIÓN

1. Instar a xunta de Goberno Local (XGL) a retomar de xeito urxente a negociación cos representantes sindicais do persoal para a nova Relación de Postos de Trballo do Concello de Pontevedra, co propósito de concluír nun acordo que poña fin a ese proceso. Iso repercutiría positivamente nunha recuperación do poder adquisitivo perdido nos últimos anos e permitiría unha maior equiparación de traballadores e traballadoras que teña unha diferenza substancial con respecto ás restantes cidades galegas.

2. Instar a Xunta de Goberno Local (XGL) a prever na nova Relación de Postos de Trballo negociada coas organizacións sindicais do Concello as necesidades de crecemento da administración, reforzando servizos con escaseza de persoal (Brigadas operativas, Servizos Sociais, etc), e prevendo o rescate doutros que na actualidade se están prestando a través de concesións a empresas privadas (Abastecemento de auga, Guindastre, Servizo de Axuda no Fogar...).

3. Instar a Xunta de Goberno Local (XGL) ao desenvolvemento, á maior brevidade posible, do dereito á carreira profesional do persoal do Concello de Pontevedra, tal e como se prevé no Capítulo II do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

Pontevedra, 24 de abril de 2018



María del Carmen Moreira Martínez

Concelleira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra